

XDO. PRIMEIRA INSTANCIA N. 13 VIGO

SENTENCIA: 00247/2021

ORD PROCEDIMIENTO ORDINARIO 0000995 /2020

Procedimiento origen: /

Sobre OTRAS MATERIAS

DEMANDANTE D/ña.

Procurador/a Sr/a.

Abogado/a Sr/a. MARIA LOURDES GALVE GARRIDO

DEMANDADO D/ña. BANKINTER CONSUMER FINANCE, E.F.C., S.A.

Procurador/a Sr/a.

Abogado/a Sr/a.

SENTENZA

Vigo, 29 de xullo de 2.021.

Vistos por, D^a. [redacted], Maxistrada Titular do Xulgado de 1^a Instancia n^o13 de Vigo e o seu Partido, os autos de Xuízo Ordinario rexistrados co n^o995/20, a instancia do procurador dos tribunais D. [redacted], en nome e representación de D^a. [redacted], contra a entidade "BANKINTER CONSUMER FINANCE, EFC", ditouse a presente sentenza con base nos seguintes,

ANTECEDENTES DE FEITO

ÚNICO.- O procurador dos tribunais D.

[redacted], en nome e representación de D^a.

[redacted], presentou demanda de xuízo ordinario o día 28 de outubro de 2.020 contra a entidade "BANKINTER CONSUMER FINANCE, EFC". Da mesma déuselle traslado á parte demandada que presentou escrito de contestación á demanda en tempo e forma, polo que citouse ás partes para o acto da audiencia anterior ó xuízo que tivo lugar o día 19 de

maio de 2.021. En devandito acto as partes propuxeron toda a proba que consideraron oportuna e, sendo toda ela de carácter documental, quedaron as actuacións vistas para ditar sentenza.

Durante a tramitación do presente procedemento seguíronse tódolos trámites e requisitos previstos nos **artigos 399 e ss. da Lei de Axuizamento Civil**.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

PRIMEIRO.- Pedimentos das partes.

Neste procedemento a parte demandante exercitou acción de reclamación de nulidade contractual por mor da cal solicitou que:

“DECLARE la nulidad del contrato objeto de la presente demanda por usura y SUBSIDIARIAMENTE, la nulidad de las cláusulas relativas a la fijación del interés remuneratorio, al modo de amortización de la deuda y composición de los pagos, y a los costes y precio total del contrato objeto de demanda por no superar el doble filtro de transparencia y la nulidad por abusividad de la condición general de la contratación que establece una comisión por impago y la variación unilateral de condiciones, y

CONDENE a la demandada a la restitución de todos los efectos dimanantes del contrato declarado nulo por usura o, en su caso, a la restitución de todos los efectos dimanantes de las cláusulas declaradas nulas por falta de transparencia y/o abusividad, hasta el último pago realizado; más los intereses legales y procesales y el pago de las costas del pleito.”

A parte actora basea as súas pretensións no feito de que o contrato de tarxeta de crédito contén estipulacións relativas ós xuros remuneratorios e comisións que non cumpren os requisitos mínimos de transparencia para a súa inclusión no contrato en cuestión, resultando as memas nulas por infrinxi-la normativa e xurisprudencia existente en materia de control de transparencia. Asemade, esta parte tamén alegou que os xuros remuneratorios establecidos no contrato aquí controvertido son usurarios segundo o disposto na **Lei de Represión da Usura ou Lei Azcárate de 23 de xullo de 1.908**. Polo exposto, a parte demandante exercitou as accións antes referidas concretando as súas pretensións no suplico da demanda, solicitando tamén a condena en custas da parte demandada.

A parte demandada opúxose ás pretensións deducidas pola parte demandante e alegou que tódalas cláusulas contidas no contrato controvertido superan o control de transparencia e de incorporación legal e xurisprudencialmente exixidos e que a parte demandante tivo acceso e coñeceu o contido do contrato no momento da súa sinatura. Asemade, esta parte tamén alegou que a porcentaxe establecida para tales xuros non resulta usuraria sendo que o xuro legal dos cartos neste tipo de contratos de tarxeta de crédito non se corresponde co concepto do xuro medio dos préstamos persoais ó consumo, tratándose

as tarxetas de crédito e os préstamos persoais de mercados de referencia distintos e sen que os xuros establecidos sexan notablemente superiores ó xuro normal do mercado de tarxetas de crédito en España. Por todo o exposto, esta parte solicitou que non se acollan as pretensións deducidas pola parte demandante no suplico da súa demanda con condena en custas da mesma.

SEGUNDO.- Cuestión controvertida. Xuros usurarios.

Pois ben, como xa se dixo máis atrás, a demandante exercitou unha acción de nulidade contractual baseada, en primeiro lugar, no feito de que os xuros pactados no contrato en cuestión son usurarios segundo a **Lei de Represión da Usura** ou **Lei Azcárate de 23 de xullo de 1.908**, disposición legal en cuxo **artigo 1** sinala cales son os requisitos que deben concorrer para que un préstamo deba ser considerado usurario, sendo esta disposición legal aplicable a este caso concreto segundo se dispón no **artigo 9 da propia Lei**.

O **artigo 1.1º da citada Lei** efectivamente sinala: "*Será nulo todo contrato de préstamo no que se estipule un xuro notablemente superior ó normal dos cartos e manifestamente desproporcionado cas circunstancias do caso ou en condicións tales que resulte leonino, habendo motivos para considerar que foi aceptado polo prestatario a causa da súa situación angustiosa, da súa inexperiencia ou do limitado das súas facultades mentais.*"

Pola súa parte o **artigo 9, do citado texto legal** establece que "*O disposto por esta Lei aplicarase a toda operación sustancialmente equivalente a un préstamo de diñeiro, cualquiera que sexan a forma que revista o contrato e la garantía que para o seu cumprimento se ofrecera*".

Sentada a normativa de aplicación, o carácter usurario do préstamo radicaría no feito de que no contrato préstamo obxecto de exame pactáronse xuros remuneratorios notablemente superiores ós normais do diñeiro e desproporcionados atendendo as circunstancias do caso, resultando tamén fundamental para resolve-la cuestión plantexada, facer referencia a **dúas sentenzas esenciais ditadas en relación a estas cuestións polo Tribunal Supremo, a primeira do Preno de 25 de novembro de 2.015, e a segunda do Preno de 04 de marzo de 2.020.**

En ámbalas dúas séntase como doutrina xurisprudencial, que, para que a operación crediticia poida ser considerada usuraria, basta con que se dean os requisitos previstos no primeiro inciso do **artigo 1 da Lei Azcárate** citada, isto é, que se estipule un xuro notablemente superior ó normal dos cartos e manifestamente desproporcionado cas circunstancias do caso, sen que sexa exixible que acumuladamente, concorra o subxectivo referido a que o préstamo

en cuestión fose aceptado polo prestatario a causa da súa situación angustiosa, da súa inexperiencia ou do limitado das súas facultades mentais.

Por outra banda, polo que aquí nos interesa, en relación ós criterios obxectivos que deben ser tidos en conta para determinar se efectivamente os xuros pactados no contrato son ou non usurarios, esta cuestión foi resolta na última das sentenzas citadas que ven a completar a anterior do ano 2.015 considerando o Tribunal Supremo que, como índice de comparanza que debe empregarse para valora-la natureza ou non usuraria dos xuros remuneratorios non é outro que o tipo medio aplicable a modalidades de contratación de idéntica natureza que o contrato examinado en cada caso. Así, a expresión xuros normais dos cartos debe interpretarse como o tipo medio do xuro no momento da formalización do contrato e correspondente a unha categoría contractual semellante á operación de crédito cuestionada.

Aplicando devandita doutrina ó caso concreto que nos atinxe compre examina-lo contido do contrato achegado autos neste caso concreto, un contrato de tarxeta de crédito asinado no ano 2.007 e no que se establece un xuro remuneratorio, (nas condicións particulares do contrato contidas no reverso do mesmo e pácticamente ilexibles), dun 24,90% TAE.

Pois ben, a media do xuro remuneratorio aplicado polas entidades de crédito, (que aparece no apartado 19.4, columna 7ª, da información facilitada polo Banco de España), neste tipo de operacións de crédito revolving e para este tipo de produto financeiro, é dun xuro remuneratorio do 20% anual, aproximadamente, desde o ano 2.010 ata a actualidade, sen que a entidade de crédito demandante acreditase que no ano 2.007 devandito xuro medio aplicado polas entidades de crédito fose superior nin a concorrencia de circunstancias especiais que xustifiquen o establecemento dun xuro remuneratorio tan desproporcionado en comparanza co medio anual antes referido.

Polo exposto, compre, polo tanto e consonte ó disposto no **artigo 1 da Lei Azcárate antes citada**, declarar nula a operación crediticia que serve de obxecto ó presente procedemento ca consecuencia de que a parte demandante só deberá aboar á parte demandada a contía efectivamente disposta e non devolta con exclusión de calquera outras partidas.

Así as cousas, compre acolle-las pretensións principais deducidas pola parte actora no suplico da súa demanda nos termos que se dirá na parte dispositiva da presente resolución.

Por último, tendo en conta que se acolle a acción principal non resulta preciso parar a examina-los termos nos que se funda a acción de nulidade que se exercita con carácter subsidiario.

TERCEIRO.- Xuros. Mala fe da parte demandante.

A parte demandante tamén solicitou a condena da parte demandada ó pagamento dos xuros legais. Neste eido resulta de aplicación o disposto no **artigo 1.100 do Código Civil**. Este artigo declara que incorren en mora os obrigados a entregar ou facer algunha cousa desde que o acredor lles exige xudicial ou extraxudicialmente o cumprimento da súa obriga, ademais, o **artigo 1.101 do mesmo texto legal**, sinala que quedan suxeitos á indemnización por danos e perdas os que no cumprimento das súas obrigas incorresen en dolo, negligencia ou morosidade. Á súa vez, o **artigo 1.108, sempre do Código Civil**, prevé que se a obriga consistise no pagamento dunha cantidade de diñeiro e o debedor incorrese en mora, como é o caso, a indemnización por danos e perdas, non habendo pacto en contrario, consistirá no pagamento dos xuros convidados e na súa falta do xuro legal desde a presentación da demanda.

Por mor do disposto nos referidos preceptos procede, polo tanto, condenar á demandada ó pagamento dos xuros legais, en defecto de convenio entre as partes a este respecto, desde a data da presentación da demanda.

Resulta de aplicación, tamén en materia de xuros, o **artigo 576.1º da Lei de Axuizamento Civil** referido á mora procesual segundo o cal: *"Desde que for ditada en primeira instancia toda sentenza ou resolución que condene ó pagamento dunha cantidade líquida de diñeiro determinará, a favor do acredor, o debeño dun xuro anual igual ó do xuro legal do diñeiro incrementado en dous puntos porcentuais ou o que corresponda por pacto das partes ou disposición especial da lei."*

CUARTO.- Custas.

En canto ás custas, aplícase o previsto no **artigo 394 da Lei de Axuizamento Civil**, así, tendo en conta que se acolle integramente a demanda, as custas serán aboadas pola parte demandada, considerando esta Xulgadora que neste caso non concorre a mala fe da actora alegada pola parte demandada dado que a acumulación de accións á que se refire esta parte como fundamento de tal mala fe non se impón como obrigada polo noso ordenamento xurídico sen que se poida tildar como actuación de mala fe a elección efectuada pola actora de entre dúas opcións, (acumular ou non as súas reclamacións fronte á demandada), perfectamente legais e válidas.

DECISIÓN

ACORDO ACOLLE-LA demanda presentada polo procurador dos tribunais D. , en nome e representación de D^a. , contra a entidade "BANKINTER CONSUMER FINANCE, EFC" e, polo tanto,

DECLARO a nulidade por usurario do contrato de tarxeta de crédito suscrito entre as partes o día 19 de novembro de 2.007.

CONDENO a entidade demandada a restituir á demandante tódalas contías aboadas por esta que excedan do capital efectivamente disposto e non devolto cos xuros legais consonte ó disposto no fundamento xurídico terceiro da presente resolución.

Con expresa condena en custas da parte demandada.

Notifíquese esta resolución ás partes y fágaselles saber que a mesma non é firme e contra ela cabe presentar **RECURSO DE APELACIÓN** ante a **ILMA. AUDIENCIA PROVINCIAL DE PONTEVEDRA** no prazo de **VINTE DÍAS** que se conta dende o día seguinte ó da súa notificación.

Por esixilo así a disposición adicional decimoquinta da Lei Orgánica 6/1985 de 1 de xullo, **A PRESENTACIÓN DE RECURSO CONTRA A PRESENTE RESOLUCIÓN ESIXE A CONSTITUCIÓN DUN DEPÓSITO DE 50 EUROS.**

O depósito da mentada suma deberase acreditar no momento de prepara-lo recurso de apelación.

Están exceptuados da obriga de constituí-lo depósito quen teña recoñecido o dereito de asistencia xurídica gratuíta.

Así o pronuncia, manda e asina D^a.

Titular deste Xulgado de Primeira Instancia nº13 de Vigo e o seu Partido.

PUBLICACIÓN.- Dada, lida e publicada foi a anterior sentenza pola Sra. Maxistrada que a suscribe, en audiencia pública. **DOU FE.**